



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FERROL**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a aprobación da contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Ferrol.

### **Exposición de motivos**

O servizo de axuda a domicilio é un pilar fundamental na obrigada asistencia social que unha administración debe prestar ás persoas máis vulnerables.

Ferrol en Común ten formulado achegas ao novo prego e demandas de cara a que a Xunta de Galicia non sobrecargue aos concellos asfixiados con escaseza de medios polas lexislacións que provocaron recortes en persoal e medios materiais, nomeadamente na área de benestar que dificulta a xestión dunha competencia que excede en moitas ocasións as súas capacidades. Tamén incidimos na forma de prestación do servizo, que nun futuro pensamos debe ser de prestación directa e non a través de empresas, para unha maior eficiencia, control e aforro tanto ás persoas usuarias como as traballadoras.

O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu medio habitual.


Este servizo ten como obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas usuarias, posibilitar a permanencia delas no seu entorno habitual, favorecer e potenciar a autonomía persoal no seu propio domicilio, manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social, previr situacións de dependencia ou exclusión social, retardar ou evitar a institucionalización e reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social. Como vemos aspectos fundamentais para a inclusión social e o avance cara unha sociedade máis xusta e solidaria.

É un contrato de alto custo para o concello, con cantidades previstas para o 2020 de uns tres millóns de euros, en 2021 de máis de cinco millóns de euros e en 2022 dous millóns de euros.

Logo de pasar por comisión de benestar e cunha recollida proactiva das alegacións feitas polos grupos municipais da oposición, tanto o prego de prescricións técnicas como administrativas, reiterándose en varias ocasións a regularización do servizo, en primeiro lugar para poder chegar ao maior número de persoas usuarias posibles e, en segundo lugar, para evitar a precarización actual na que están en risco as traballadoras do servizo. Dende Ferrol en Común non se pode entender como se dilata un contrato esencial, e máis neste tempo excepcional, cando os coidados mutuos deben ser clave e impulso por parte do Concello de Ferrol, e sendo un contrato que debe ser aprobado polo pleno do concello, instamos a:

1.- A convocatoria dunha comisión e pleno extraordinario no prazo de 15 días para a aprobación da contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Ferrol

Ferrol, 18 de xuño de 2020

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized letter 'J' followed by a horizontal line and a small flourish.

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común